



ROGO SOBRE A RENOVACIÓN DA REDE DE ABASTECIMENTO NA RÚA DO HÓRREO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte ROGO:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mellora dos servizos de abastecemento e saneamento veu sendo unha prioridade na política municipal das últimas décadas que avanzou a medida que se ían humanizando e modernizando as rúas. O esforzo realizado permitiu ir renovando unha extensa rede de abastecemento estimada en preto duns 500 quilómetros dos que arredor dun 85% foron substituídos.

Case todas as rúas do Ensanche dispoñen xa dunha nova rede e as que carecen dela, como a Praza de Vigo ou a Avenida de Vilagarcía, contan desde con proxectos en desenvolvemento que contemplan esta mellora.

Non é o caso da rúa do Hórreo, no tramo comprendido entre a rotonda da Avenida de Lugo e o cruce coa República Arxentina que continúa na lista de espera para acometer a mellora das súas tubaxes de auga potable. Unha mellora que non se pode demorar por moito máis tempo, como se encargan de lembrar as cíclicas avarías por este motivo, cada paso máis frecuentes: dous cortes de subministro no ano 2016 e catro durante o pasado verán, que viñeron motivados por rebentóns da rede e que supuxeron grandes molestias para o conxunto da veciñanza e perdas económicas nas actividades comerciais e hostaleiras da zona. Semella que a obsoleta condución resulta incapaz para atender as crecentes demandas e xa non abonda coa simple reparación, senón que se fai preciso unha mellora integral da rede neste tramo.

A vista do exposto, formúlase o seguinte ROGO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se lle dea prioridade na planificación da mellora do sistema de abastecemento da rúa do Hórreo comprendido entre a Avenida de Lugo e o cruce coa rúa República Arxentina, procedendo á maior brevidade a redacción e execución do correspondente proxecto de renovación integral da rede de subministro de auga neste tramo.

Santiago de Compostela, a 11 de decembro de 2017

María Corral López
Concelleira do Grupo Municipal Popular

- Sr. Alcalde do Concello de Santiago de Compostela